



REGULAMENTO MATCH PLAY INDIVIDUAL HÁNDICAP 2023

1.- A Competición. Os emparellamentos do Match Play Individual Hándicap faranse por sorteo ao peche da inscrición. Formarase un cadro de enfrontamentos (oitavos ou dezaseisavos de final), dependendo do número de inscritos. Se o número de inscritos non completa o cadro, pasarán a primeira rolda aqueles que lles corresponda por sorteo.

As eliminatorias xogaranse por buratos e a 18 buratos, Match Play Hándicap, no percorrido que estea habilitado na data do partido. Todas as partidas iniciaranse polo Tee do burato 1. No caso de chegar ao burato 18 con empate na eliminatoria, seguirase xogando ata que un dos xogadores gane un burato.

Nas eliminatorias terase en conta o hándicap de cada xogador no momento do enfrontamento. O xogador co hándicap mais baixo xogará como Scratch (hándicap 0) e o outro xogador recibirá o 100 % da diferenza entre o seu hándicap de xogo e o do outro xogador. Esta competición está limitada a hándicap 30.

2.- Os xogadores. Poderán xogar tódolos socios do Clube de Golf Campomar con Licenza Federativa en Vigor. Inscrición: 10 €. Green Fee de cada eliminatoria: 8 €.

3.- Calendario. As eliminatorias xogaranse ao longo da semana establecida, dende o luns ao domingo, na data e hora que os xogadores acorden, informando previamente ambos xogadores ao Master Caddie da data e hora do enfrontamento. No caso de non chegar a acordo, as eliminatorias xogaranse o domingo ás 9:00 h. Se houberse varias partidas, saíran por orde de hándicap da suma da parella, cada 10 minutos e dende o Tee do burato 1.

Os xogadores que non xoguen os seus partidos ou non entreguen o resultado antes da data de fin de rolda, serán descualificados.

4.- Premios. O xogador Campión e o Subcampión recibirán un trofeo.

5.- Comité da proba. Estará integrado polos membros do Comité de Competición e resolverán calquera cuestión referida á organización e ao axeitado desenvolvemento do campionato. O Comité atenderá cantas reclamacións lle sexan formuladas, resolvendo sobre elas en atención ao disposto nestas normas e nas demais de xeral aplicación para o Golf. A súa decisión será inapelable.